



IES MENDIÑO

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

PERÍODO: 2022 - 2026

Aprobado en Claustro e Consello Escolar do
IES Mendiño

Data: 22/02/2022

Índice

INTRODUCCIÓN	3
BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO	5
A contorna sociolingüística do centro	5
Situación sociolingüística do alumnado	7
Análise da enquisa ao alumnado	8
Situación sociolingüística do profesorado	15
Análise da enquisa ao profesorado	15
Situación sociolingüística do persoal non docente	23
Análise da enquisa ao persoal non docente	23
Situación sociolingüística das familias.	28
Análise da enquisa ás familias	28
OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO	34
LIÑAS DE ACTUACIÓN	36
Outras liñas de actuación	36
O Proxecto lector	36
Contribución ao Plan TIC	37
Documentación administrativa, rotulación e cartelaría.	38
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	39
Recursos humanos	39
Recursos materiais	39
Medidas aportadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan	40
Procedencia do alumnado	41
Medidas a adoptar	41
1. Exencións.	41
2. Medidas ordinarias	42
3. Medidas extraordinarias:	42
Aportacións concretas dos Departamentos	42
DEPARTAMENTO DE INGLÉS	42
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	43
DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	44
DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	44

Critérios para o seguimento e avaliación do proxecto	47
REPARTO DE LINGUAS POR MATERIAS	48
1º ESO	48
2º ESO	50
3º ESO	51
4º ESO (Ensinanzas Académicas)	52
4º ESO (Ensinanzas Aplicadas)	54
1º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. Itinerario Humanidades)	55
1º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. Itinerario Ciencias Sociais)	57
1º BACHARELATO (CIENCIAS)	59
2º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. Itinerario Humanidades)	62
2º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. Itinerario Ciencias Sociais)	64
2º BACHARELATO (CIENCIAS)	65
Táboa resumo do horario lectivo por linguas	68

INTRODUCCIÓN

Tal como sinala o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5 (tendo en conta no explicitado na Constitución española, no seu punto 1 e 2) sinala que o galego será a lingua propia de Galicia, e oficial xunto co castelán. Asemade indica que todas as galegas temos o dereito de coñecérmolos e usármolos.

Con todo somos conscientes que a realidade do noso país dista moito destes principios legais. Observamos entre o noso alumnado e as súas familias o desequilibrio que segue a existir entre as dúas linguas cooficiais en Galicia. O sistema educativo non foi quen, xa non de paliar o desequilibrio existente entre castelán e galego, en favor do primeiro, senón de garantir unha verdadeira competencia lingüística en galego, oral e escrita, para o alumnado que remata os estudos obrigatorios (ESO) ou mesmo obtén o título de Bacharelato e supera con proveito as probas ABAU. Desde hai anos no IES Mendiño preocupámanos o tema na normalización lingüística do galego, un idioma que, se ben hai anos era o habitual na nosa contorna, na actualidade vai en notable minorización.

Este Proxecto Lingüístico que presentamos continúa os aprobados con anterioridade no noso IES. O marco legal non mudou desde o 2010. O traballo desenvolvido polos anteriores equipos de Dinamización da Lingua Galega, encargado da elaboración do proxecto existente, é a base sobre a que se redacta este documento, que busca consolidar as liñas de actuación previas e promover novas iniciativas para achegar á nosa comunidade educativa a unha competencia e uso lingüístico que nos permita dicir que galego e castelán son realmente as linguas cooficiais de Galicia. Este proxecto foi coordinado pola responsable do EDL, Teresa Monteagudo Cabaleiro, profesora do Departamento de Lingua Castelá do noso centro.

MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como marco os seguintes documentos legais:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Postobrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Orde do 10 de febreiro de 2014**, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 2º de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega
- **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo non universitario de Galicia, tras dos pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre deste tema.

BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

A contorna sociolingüística do centro

Redondela é cabeza do Concello do mesmo nome, constituído por unha poboación duns 30.000 habitantes. O noso centro atópase integrado no núcleo urbano da vila, se ben a meirande parte do seu alumnado (sobre todo nos niveis da ESO) procede de parroquias dos arredores (Cesantes, O Viso, San Martín de Ventosela, Cedeira, Quintela e Saxamonde). Contamos tamén con alumnado do concello veciño de Pazos de Borbén no Bacharelato, número este que decrece cada curso, na actualidade son tres alumnos de 1º de bacharelato e seis de 2º de bacharelato. Contamos así mesmo entre o noso alumnado un número reducido de residentes en Arcade, vila do concello de Soutomaior, sobre todo nos bacharelatos.

Con esta situación, o contexto sociolingüístico fisicamente máis próximo ao centro correspóndese cun enclave maioritariamente castelán falante. Así o demostra o alumnado que cursa o bacharelato e que procede, na súa meirande parte, do centro da vila. Pola contra, aqueles que proceden do Concello de Pazos de Borbén amosan un emprego máis habitual da lingua galega.

As zonas das que provén o noso alumnado da ESO son maioritariamente rurais –proceden dos CEIPs “Outeiro das Penas” (de Cesantes e O Viso), CEIP de Quintela e o CEIP de Cedeira–. Este alumnado emprega en maior medida a lingua galega na comunicación cotiá e o emprego desta é unha realidade nas xeracións anteriores aos alumnos/as. Este alumnado manifesta nalgúns casos, menos que en cursos anteriores ter sido alumnos galego-falantes nos seus primeiros anos de escolarización.

Desde unha óptica global, o castelán segue a ser a lingua habitual de comunicación no que se refire ao alumnado, se ben tamén debemos apuntar que contamos cunha considerable porcentaxe de potenciais falantes do noso idioma, dada a procedencia maioritaria dos alumnos e alumnas de zonas periféricas da vila.

Cabe lembrar, por último, a tradición do noso concello no que á defensa do idioma se refire, que xa vén de moitos anos atrás. Conta cun Servizo de Normalización Lingüística. Ademais, hai toda unha traxectoria en defensa na lingua, sendo promovidas en torno ao seu concello asociacións tales como “Funcionarios pola Normalización Lingüística”.

A vila conta ademais cun Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN) que investiga múltiples facetas da historia, cultura, sociedade... de Redondela, tentando asemade incidir na promoción do noso idioma.

O labor da Radio Municipal é meritoria posto que a lingua galega é a vehicular neste medio de comunicación.

Son ademais numerosas as iniciativas culturais, promocionadas, organizadas e desenvolvidas en gran medida na lingua como o Festival de Títeres, Artelixo, festivais folclóricos, etc. A nosa vila ten a honra de ser das poucas que desde 1975, retomando os costumes previos a 1936 que conservan a tradición dos maíos, a elaboración das figuras van da man de coplas que, ano tras ano, satirizan a política e a sociedade local. As coplas que caracterizan estas festas veñen redactándose ininterrompidamente en galego desde a recuperación da festa.

Situación sociolingüística do alumnado

A primeira aproximación ao noso alumnado pon de manifesto que o castelán segue a ser a lingua habitual de comunicación.

O alumnado de 1º de ESO que acolleamos por primeira vez no centro chega cada curso académico máis asentado no castelán e cada vez son menos os alumnos que falan galego de forma espontánea nos corredores. Constatamos que seguen a vir cunha certa idea establecida de que falar castelán é o axeitado que parece derivar de certas actitudes lingüísticas familiares e mesmo dos círculos sociais e de lecer que adoitan frecuentar, sen esquecermos o uso que fan das novas tecnoloxías maioritariamente en castelán. Pese a todo, a fonética que empregan ao falaren “castelán” denota que habitualmente se moven na esfera –cando menos próxima ou moi próxima– do galego, pero esta situación está en retroceso. A pobreza léxica destes alumnos de 1º de ESO afecta a usos e costumes cotiáns. Hábitos lingüísticos inadecuados como a colocación incorrecta do pronome persoal, a decadencia do emprego da segunda forma do artigo... son cada vez máis evidentes. Mesmo observamos sorprendidos que mecanismos como a estrutura artigo+posesivo non sempre se emprega.


Polo que se refire ao alumnado de Bacharelato, temos que facer unha diferenza entre aqueles rapaces e rapazas que proceden da zona de Pazos de Borbén, que empregan a lingua galega de xeito vehicular nomeadamente, e aqueles alumnos procedentes do núcleo urbano de Redondela -a matrícula máis abundante- que empregan habitualmente o castelán. Ocorre que moito deste alumnado galegofalante adhírese ao castelán ao entraren en contacto cos compañeiros da vila.

Contamos este curso con número menos reducido ca en anos anteriores de alumnos e alumnas que proceden de Pazos de Borbén, insistimos neste feito, posto que é este alumnado o que ten menos reservas á hora de empregar a lingua e o que o fai como lingua de comunicación co resto dos alumnos e alumnas, porén o alumnado de 1º de Bacharelato procede basicamente da vila, un enclave, como xa se dixo, maioritariamente castelánfalante no período da idade destes alumnos.

Para rematar diremos que, fronte ao que sucedía hai anos, é no Bacharelato onde podemos encontrarnos ao alumnado que emprega a lingua, desgraciadamente en progresión descendente, é tamén neste nivel no que atopamos os máis convencidos usuarios da lingua. Neste sentido existe un reducido número de alumnos e alumnas que se adhíren ao uso da lingua ao subiren no nivel educativo.


Análise da enquisa ao alumnado

Que lingua...



Nesta primeira achega vemos que a metade do alumnado aprendeu a falar en castelán e galego, ambas por igual; porén habitualmente tanto na casa coma no ámbito social empregan actualmente o castelán de xeito abrumador. Este feito cambia de xeito importante no eido académico no que volven a empregarse ambas por igual aínda que hai un amplo abano de alumnado cunha maior presenza do castelán como única lingua vehicular.

Excluindo as clases de idiomas (Castelán Francés, Galego, Inglés), que lingua...




Nesta gráfica queda patente a situación de perda grave do galego como lingua vehicular entre a nosa mocidade. O seu emprego é anecdótico entre compañeiros, unicamente se emprega naquelas situacións nas que a materia se imparte nesa lingua (de aí que os datos de uso co profesorado e emprego nos exames sexan equivalentes, mesmo decrece o seu emprego na escrita, etc.). Tampouco mellora o seu emprego co

persoal non docente, onde o uso do castelán cuadriplica o do galego. É dicir, a lingua materna aprendida de pequenos na súa casa pola metade do alumnado é abandonada en favor do castelán. O instituto está contribuíndo á desgaleguización do alumnado, circunstancia que xa provén do ensino primario.

O instituto debería contribuír, en cambio, a recuperar a perda de falantes de galego e lograr que o alumnado acade o pleno bilingüismo ao final do seu paso polo ensino secundario. Este ben sendo un dos nosos principais obxectivos.

Actualmente, en que lingua?




É curioso que o alumnado se avalía como máis capacitado na lingua castelá para as catro destrezas. Lembremos que a metade destes alumnos afirmaron que aprenderon a falar en ambas linguas por igual, logo se son escolarizados en ambas linguas por que hai esa descompensación de formación? É real esa autoavaliación do alumnado?

Pensamos que facer unha análise desta percepción subxectiva do alumnado para reducir o seu complexo e avaliar correctamente as súas capacidades lingüísticas tamén constitúe un obxectivo importante da nosa tarefa.

Como consideras a túa capacitación para empregar o galego?


231 respuestas



Chama poderosamente a atención que un 47,2% do alumnado considera que ten unha capacitación media para o emprego do galego, un 41,6% valora como alta e un 6,9% mesmo como moi alta capacitación... Porén, non o empregan sexa por falta de motivación, concienciación... Daquela, deberíamos incidir tamén na reflexión sobre esas actitudes contrarias á normalización do emprego da nosa lingua.

Que che resulta máis difícil en galego?


231 respuestas



Tamén é sorprendente esta resposta, pois un 38,1% di que o máis difícil é falar, un 31,2% afirma que escribir, 21,6% ler e un 20,3% entender... Vivimos nunha sociedade que rexeita comprometerse coa lingua galega pois todas as mensaxes recibidas están fundamentalmente en linguas alleas (inglés, castelán...). A música, a literatura, o ocio...todo o canalizan en idiomas alleos. Un obxectivo do EDL consiste en mostrarlles a posibilidade de achegarse a estas mensaxes do seu interese en galego (música actual, novas publicacións, espazos da rede onde se difunden contidos en galego... que lles permitan unha comunicación co mundo na nosa lingua).


Que lingua emprega o profesorado nas túas clases?

231 respuestas



Un 58,9% do profesorado emprega o galego e o castelán por igual, un 26% emprega maioritariamente o galego... a canle de comunicación maioritaria co profesorado é o galego, logo enténdese que o alumnado non ten dificultades de comprensión e a normativa cúmprese.

En que lingua pensas que...



É curioso, máis do 50% do alumnado afirma que para cando sexan maiores falarán o castelán ou as dúas linguas por igual, mentres que tan só o 7,5% falará o galego. Cando se expresa como potencial “que che gustaría falar de maior?” varían as porcentaxes: un 25% di que sería galegofalante, un 25% castelánfalante e un 50% falarían as dúas linguas por igual. Sorprende que non se decaten de que o emprego da lingua é unha decisión propia, individual, que está na nosa man.


Tamén estraña que prognostican unha desaparición do galego para as próximas xeracións unicamente un 5% dos rapaces máis novos ca eles serán galegofalantes fronte a case un 75% que será castelánfalante.

E auguran que aproximadamente un 12% dos mozos en 2100 falarán o galego fronte a un 60% aproximadamente que serán castelánfalantes; pero valoran que estas porcentaxes deberían invertirse, é dicir, un 60% de galegofalantes e un 50% falantes de ámbalas dúas linguas... Non se decatán que está na súa man, pois estas variables configúranas as súas conductas lingüísticas.

Unha maioría do noso alumnado pensa que a presenza do galego no centro é adecuada. Temos que manter esa presenza pública do idioma, é importante.

Coñeces que materias che teñen que impartir en lingua galega?


231 respuestas



O alumnado coñece as materias que se lles deben impartir en cada unha das linguas. Constátase que a comunicación administrativa nese eido é axeitada.

Cal é a visibilidade das actividades que organiza o EDLG?

231 respuestas




Unha ampla maioría do alumnado, o 61,9% non coñece as tarefas realizadas polo Equipo de Dinamización Lingüística, un 23,4% expresa que só coñece algunhas das actividades... É primordial divulgar as actividades e visibilizar esas tarefas para involucrar aos nosos alumnos no seu desenvolvemento dun xeito máis activo. Debemos propor actividades máis participativas, máis lúdicas, rechamantes e facernos visibles na web do instituto. Con esta finalidade creamos un blog, actualizamos

continuamente o apartado do EDL na páxina web do centro e tentamos visibilizar as nosas tarefas con exposicións nos corredores do instituto e nas aulas.

Como che gustaría saber das actividades do EDLG?


231 respuestas



Unha ampla maioría do alumnado manifesta que lle gustaría coñecer as actividades do Equipo de Dinamización Lingüística a través do correo electrónico, este feito facilitaría a nosa divulgación. Por outra parte un 23,8% di non estar interesado nas actividades polo que habería que revisalas para formular outras novas e máis creativas que si esperten o seu interese.

En que outros ámbitos recibes ou usas o galego?


231 respuestas



Observamos que a transmisión do galego se fai maioritariamente a través da familia, o concello, a parroquia... fronte ás novas tecnoloxías, a música, os xogos, os deportes e mesmo os medios de comunicación que lle son transmitidos fundamentalmente en castelán, estas canles actúan pois como un elemento desgaleguizador.

Son alumno/a de

231 respuestas



Situación sociolingüística do profesorado


O profesorado do centro ten unha actitude, en xeral positiva cara ao emprego da lingua galega e son receptivos ás propostas para a realización de actividades que lles formula o Equipo de Dinamización Lingüística.

Neste curso educativo o claustro consta de 44 membros, chegaron ao centro cinco profesores con praza definitiva e un total de seis profesores interinos que son galegofalantes ou maioritariamente amosan unha boa actitude cara ao emprego da nosa lingua. A renovación foi importante este ano.

Cómpre subliñar a colaboración impagable dos titores e titoras, que empregan maioritariamente o galego nas súas entrevistas cos pais e nais dos rapaces e rapazas, sen encontraren oposición por parte de ninguén. É máis, os pais adoitan responder favorablemente, adoptando o galego como lingua vehicular neses encontros.

Análise da enquisa ao profesorado

Que lingua ...




É curioso que só tres dos profesores aprenderon a falar en galego fronte a 11 que aprenderon só en castelán. Doce enquistados afirman ter aprendido en ambas por igual. Logo, a cadea de transmisión familiar xa se perdera na nosa xeración.

É rechamante que só catro deles empregue habitualmente o galego, porén aproximadamente o dobre deles emprega máis habitualmente só o castelán (9 enquistados). Seis persoas afirman que empregan indistintamente ambas as dúas linguas. E 10 profesores, é dicir, a terceira parte empregan o castelán na maioría das súas intervencións.

Como conclusión, constatamos que o emprego do galego como lingua vehicular está en alarmante retroceso tamén entre o profesorado.


Ademais advertimos que o emprego do galego no ámbito familiar decrece aínda máis ca no ámbito escolar, as proporcións de uso mudan de xeito que 8 din que utilizan só o galego como lingua vehicular, 4 din que ambas linguas por igual, 6 empregan o galego maioritariamente e tan só 5 empregan só o castelán e 8 máis castelán. Este dato tamén é interesante pois reflicte un compromiso con respecto ao traballo pero constata que a maioría do profesorado é falante ocasional do galego, non é a nosa primeira lingua materna.

No centro educativo, que lingua...



Neste gráfico constatamos tamén que o persoal docente fai un esforzo no ámbito educativo para que o emprego do galego sexa maioritario en todas as actividades desenvolvidas cos compañeiros, cos alumnos, co persoal non docente... Esta é unha excelente noticia pois nós somos un modelo de conduta para os nosos alumnos e normalizar o emprego do galego en todos os ámbitos é fundamental. Incentivar o emprego nas titorías, no recreo, nas actividades extraescolares, no tempo de ocio... é moi importante pois a nosa conduta anima ao alumnado a dar o paso cara ao emprego do galego noutros ámbitos.

Actualmente, en que lingua?




É curioso constatar que do mesmo xeito que os alumnos, maioritariamente pensamos que somos menos competentes en galego ca en castelán, cando fomos

escolarizados en ámbalas dúas linguas por igual. Sorprende tamén que a competencia escrita e a oral son moi diferentes en galego e castelán mentres que a comprensión e a lectura van parellas en ámbalas dúas linguas. Non será que pensamos que temos máis competencia en castelán por empregalo máis a miúdo? Ou tal vez que teñamos máis dúbidas no galego pois facemos un uso máis ocasional desta lingua na nosa vida cotiá?

Como consideras a túa capacitación para empregar o galego?

31 respuestas




Con esta pregunta da enquisa constatamos que a hipótese anterior é axeitada pois unha ampla maioría do profesorado avalía como moi alta 19,4%, alta 51,6% ou media 25,8% a súa capacidade lingüística no emprego do galego. É dicir, posuímos a capacidade pero decidimos libremente non utilizala.

Deberíamos reconsiderar esta decisión pois a Lei de Normalización de Normalización Lingüística establece que as materias deben ser impartidas ao 50% en castelán e en galego. E nós debemos cumprila e incentivar ao noso alumnado cara ao seu emprego.

Que che resulta máis difícil en galego?


31 respuestas



Nesta pregunta confírmase novamente que o emprego ocasional do galego suscita inseguridade no seu emprego tanto escrito coma oral o que non sucede na recepción da lingua; é dicir, a capacidade lingüística que se posúe vese mermada polo escaso uso que suscita dúbidas ou inseguridades propias do emprego dunha segunda lingua. Cando un falante emprega de xeito regular unha lingua esas “dúbidas” desaparecen pois a práctica constante e a efectividade do discurso axudan a esvaecelas.


Se o compromiso do profesorado no uso do galego trascendese máis alá do ámbito académico, esas competencias estarían nun nivel óptimo pois a práctica avaliaría a competencia lingüística posuída polo profesorado.

Que lingua emprega o alumnado nas túas clases?
31 respuestas



Vemos que nas aulas o emprego do castelán é abrumador 70,4% fala en castelán ou máis castelán e tan só un 9,7 % fala unicamente en galego... Resumindo, só un profesor de cada dez está instalado no galego como primeira lingua; este é un dato alarmante. Vemos que os datos cadran cos obtidos na enquisa do alumnado, ambas as dúas poñen de manifesto unha situación realmente dramática do emprego do galego por parte da nosa comunidade escolar. Constata que non se está a cumprir a Lei de Normalización Lingüística e que o profesorado ten de facer un esforzo para equilibrar esta situación lingüística.


En que lingua pensas que...



Observamos nesta resposta, como ocorre na do alumnado, unha diferenza nas expectativas para o futuro da lingua galega: afírmase que o alumnado dos vindeiros anos falará o castelán nun 75% aproximadamente e que o emprego do galego será residual, pero persiste a crenza de que no 2100 deberían falar o galego aproximadamente un 30% do alumnado e falalo por igual que o castelán nun 50%. É dicir, de igual modo que o alumnado, os profesores sabemos que a situación é lamentable pero, concienciamos os nosos alumnos desta problemática? Consideramos que nós somos parte da solución?

A túa opinión sobre a presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros. actividades extraescolares, aula virtual...


31 respuestas



Unha ampla maioría do profesorado considera que o emprego do galego nas actividades escolares, extraescolares, na aula virtual, cartelaría... é axeitada en todos os ámbitos. A expresión escrita é un ámbito no que si nos comprometemos co emprego do galego fronte á expresión oral na que nos atopamos moi lonxe dunha situación aceptable. Temos que traballar para acadar a equiparación de ambas competencias.

Coñeces que materias se teñen que impartir en lingua galega?


31 respuestas



Sorprende que un 22,6% do profesorado descoñeza a lingua na que deben ser impartidas as materias que os seus alumnos están cursando. A Lei de Normalización Lingüística, que establece que as materias deben ser impartidas ao 50% en castelán e en galego, debemos coñecela e cumprila. Quizáis o profesorado se refira á asignación específica en cada unha das materias, deberemos revisar esa cuestión para resolver esta dúbida do profesorado.

Cal é a visibilidade das actividades que organiza o EDLG?

31 respuestas




Unicamente un 22,6% do profesorado afirma ter coñecemento de todas as actividades desenvolvidas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Un preocupante 12,9% do profesorado afirma descoñecer a existencia do EDL no centro. E un abrumador 61,3% expón que só sabe dalgunhas das actividades desenvolvidas... Temos que mellorar a divulgación das nosas actividades urxentemente, é primordial chegar a toda a comunidade escolar de xeito masivo. É preciso involucrar o centro para que o proxecto teña éxito.

Propoñemos empregar máis o correo electrónico para acadar unha comunicación directa co profesorado.

Vimos de habilitar un taboleiro no recibidor no que o EDL divulgará todas as súas novas. a Comezamos co calendario onde se recollen algunhas das efemérides do mes (seis breves biografías daquelas persoas nadas ou falecidas neste mes e fotografías das pezas salientables da súa contribución á cultura galega), o resultado dos premios do concurso de relato breve “Contos de medo”, imos colocar tamén un extracto dos resultados desta enquisa... tentamos abrir unha canle para divulgar as nosas actividades e incentivar o emprego do galego entre a comunidade educativa.

Como che gustaría saber das actividades do EDLG?


31 respuestas



Un 83,9% afirma que a canle preferente para coñecer as actividades desenvolvidas polo EDLG é o correo electrónico, isto facilita notablemente a solución desta falta de comunicación. Sorprende negativamente que un 9,7% do profesorado afirme que non desexa coñecelas. O SDL é unha entidade transversal que implica a todas as materias e áreas que se imparten no centro, polo tanto o profesorado está na obriga de coñecela e aplicala de acordo coa Lei de Normalización Lingüística.

En que outros ámbitos recibes ou usas o galego?

31 respuestas



Coinciden profesorado e alumnado en que maioritariamente a presenza do galego está no ámbito familiar, concello, parroquia...

No ámbito das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación o profesorado emprega o galego dun xeito maior que o noso alumnado, máis do dobre. Isto pode explicarse pois o profesorado ten un maior coñecemento para pescudar e seleccionar a oferta en lingua galega que se nos ofrece nestes ámbitos, mentres que os alumnos optan por unha oferta máis xeneralista. Este aspecto oríentanos cara á necesidade de mostrarlles aos alumnos propostas (radiofónicas, musicais...) que quizáis non coñezan na nosa lingua e que si poderían ser do seu interese.

Situación sociolingüística do persoal non docente

O conxunto de persoas que conformamos o centro manifestámonos abertamente a favor da consecución da plena normalización do idioma.


A lingua da administración do instituto é o galego. As comunicacións intercentro e co exterior prodúcense en galego.

O persoal non docente do centro fai un uso do idioma galego maioritario e no 50% dos casos como lingua vehicular. Das dúas funcionarias de administración, unha emprega a lingua de forma vehicular e outra declara que fala indistintamente galego ou castelán pero que fala galego con soltura. Idéntica é a situación dos dous conserxes.

É impagable tamén o empeño da persoa que rexenta a cafetería que colabora e mesmo promove campañas de potenciación da lingua: literatura, música, exposicións... Constitúe un puntal na dinamización lingüística do centro.

Análise da enquisa ao persoal non docente


Esta enquisa respondida polo persoal non docente administrativo do centro proporcionou os seguintes resultados.



Observamos que tan só un dos catro participantes aprendeu a falar en galego e polo tanto é ese falante quen conserva o emprego do galego en todos os ámbitos. Os falantes que combinan as dúas linguas fluctúan de xeito diferente, primando o galego no ámbito laboral (o instituto) e variando noutros ámbitos cara a un predominio do


castelán. Constatábase que se fai un esforzo por empregar o galego no ámbito profesional aínda que o seu emprego no ámbito privado decrece.

Que lingua empregas...?



Detectamos que o 50 % do persoal non docente adoita comunicarse en galego co alumnado e coas familias deste, mentras que o outro 50 % faino en ambas as linguas por igual, aínda que se observa un aumento do emprego do castelán no ámbito interno, é dicir, cando se fala co resto do persoal non docente ou co profesorado, no ámbito máis próximo, aumenta o uso do castelán.


Que lingua empregan contigo?



Constatamos que o emprego do galego está equiparado co do castelán. Seguramente opera aquí o principio de cooperación lingüística de Grice, se alguén se dirixe a ti nunha determinada lingua, ti por cortesía, tentas responder nesa mesma lingua. Porén o alumnado segue a empregar maioritariamente o castelán e esa é unha realidade sobre a que debemos traballar.

Como consideras a túa capacitación para empregar o galego?


4 respuestas



Por unanimidade, o persoal non docente acredita a súa elevada capacidade no uso do galego. Son falantes formados e capacitados para desenvolverse en calquera dos ámbitos no noso idioma e constitúen un pilar fundamental no éxito do noso proxecto.

Que carencias observas para o uso do galego no teu traballo?


4 respuestas



A principal queixa no ámbito administrativo detectada polo noso persoal non docente é a falta de programas informáticos e a escaseza de material audiovisual. Non existen programas informáticos para documentación administrativa en galego.

A túa opinión sobre a presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros. actividades extraescolares, aula virtual...


4 respuestas



Unha maioría do persoal pensa que a presenza do galego nas actividades non académicas do centro é ampla, porén un 25 % advirte que é escasa. Para remedialo, este curso académico creamos un vínculo na aula virtual para chegar a todos os integrantes do centro a través do correo electrónico persoal; tamén vimos de habilitar un taboleiro no recibidor para chegar de xeito directo a toda a comunidade educativa; puxemos en marcha un blog de dinamización lingüística... Son só algunhas das iniciativas que vimos de implementar para intensificar a divulgación das nosas actividades que teñen como obxectivo achegar as nosas mensaxes a toda a comunidade educativa.

Cal é a visibilidade das actividades que organiza o EDLG?


4 respuestas



Todos os enquisados nos advirten que unicamente teñen noticia de algunhas das actividades do Equipo de Dinamización Lingüística, este feito é relevante pois chegar a toda a comunidade escolar de xeito masivo e involucrala é clave para o éxito do noso proxecto.

Como che gustaría saber das actividades do EDLG?

4 respuestas



Como advertimos no apartado anterior, o persoal non docente láíase de que só coñece unha parte das nosas actividades. Pensamos que esta situación se vai revertir coa mensaxería electrónica, o emprego do taboleiro e a dinamización da páxina web.

En conclusión, o persoal non docente fai un esforzo pola dinamización do galego e a nós correspóndenos facilitarlles os medios e a información directa daquelas iniciativas e actividades das que eles tamén deben ser copartícipes.

Situación sociolingüística das familias.

Respecto das familias, este é un dos principais focos desgaleguizadores. Con todo, a súa postura é favorable e no contacto cos docentes e titores dos seus fillos e fillas, adoitan empregar o galego, lingua na que se establecen as relacións con eles dende este IES.

En canto á práctica lingüística comentada con respecto ao alumnado apréciase igualmente nos pais e titores do alumnado (galego-periferia versus castelán-centro da vila), aínda que non é tan visible neles ese desapego ao idioma propio, nin teñen maior problema en cambiar de rexistro cando o seu interlocutor (neste caso, o profesorado ou persoal non docente) se dirixe a eles en galego.


Polo que se refire á AMPA todas as comunicacións se efectúan en lingua galega. No Consello Escolar do Centro, os pais e nais utilizan como lingua vehicular maioritaria, cando menos cos profesores, o idioma galego, así como nas circulares de comunicación.

O equipo directivo utiliza en todos os actos que consideramos relevantes a lingua galega como lingua vehicular: claustros, CCPs, despedida de alumnos de 2º de Bacharelato, recepción de relatores... Todo se desenvolve en galego, tanto as comunicacións escritas vía correo electrónico, circulares, cartelaría... como oral. Tamén as actas de reunións e demais documentos de organización do centro: circulares, comunicados aos pais e nais, horarios, permisos para saídas extraescolares... empregan a lingua galega.

Análise da enquisa ás familias


Nesta enquisa ás familias os datos obtidos foron os seguintes.

1. Que curso está a facer o(s) seu(s) fillo(s)
 106&nbs;respuestas



Nos resultados podemos observar como o interese das familias é aproximadamente igual nos diferentes cursos académicos.

2. Que lingua empregan habitualmente....?




No seo familiar o emprego abrumadoramente maioritario do castelán está presente en todos os ámbitos lingüísticos: familiar, laboral... Porén, chama a atención que cos avós e cos profesores dos seus fillos iguálase o emprego de galego e castelán o que nos indica que si están capacitados para empregalo pero, cando non hai un estímulo ou motivación, prefiren empregar o castelán, atribuíble a unha falta de concienciación lingüística.

O predominio do castelán é abafante, só un de cada cinco enquisados fala máis en galego e unicamente tres de cada cen fala só en galego.

4. Que lingua emprega o profesorado nas clases do seu fillo/a?


106 respuestas



Os resultados indican que a docencia emprega as dúas linguas pero tan só un 3 % emprega soamente o galego. Segundo a opinión dos pais, a actitude do profesorado cara ao emprego da lingua galega é máis positiva ca a do alumnado un 50,9 empregan ambas as linguas por igual, un 34% emprega maioritariamente o galego e tan só un 12,3 % emprega máis o castelán.

5. Como considera a súa capacitación para empregar o galego?


106 respuestas



Un 72,6 % dos proxenitores consideran que están capacitados ou moi capacitados para empregar o galego, un 17 % mesmo avalían a súa capacitación coma moi alta e non obstante, o emprego do castelán é abrumadoramente maioritario como se reflicte na pregunta 2 desta mesma enquisa. Deducimos pois que, se non se emprega, é por falta de motivación ou interese.

6. Cal é a súa opinión sobre a presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros. actividades extraescolares, aula virtual...


106 respuestas



A valoración realizada polos pais sobre a presenza do galego nas actividades desenvolvidas e a información do centro é moi positiva. Só tres persoas consideran que é escasa. Porén, sorprende que dúas persoas digan que é nula, imaxinamos que por descoñecemento do traballo desenvolvido.

7. Coida que ao principio de curso o Equipo de Dinamización da Lingua Galega debería informar ás familias das materias que son de impartición en lingua galega?


106 respuestas



Observamos que unha ampla maioría dos pais reclaman que se lles informe daquelas materias que lles van ser impartidas en galego aos seus fillos. É unha tarefa que anotamos para realizar o curso vindeiro dende o Equipo de Dinamización Lingüística. Esta pode constituír ademais unha canle interesante para que os pais saiban que se cumpre coa Lei de Normalización Lingüística que establece que as materias deben ser impartidas ao 50 % en castelán e en galego.

8. Cal é a visibilidade das actividades que organiza o EDLG?


106 respuestas



Máis da metade dos pais responden que descoñecían a existencia dun Equipo de Dinamización Lingüística. Un 20,8 % considera que a súa presenza é moi escasa e o 27,4 % di que só coñece algunhas actividades... Temos que facer un esforzo para dar a coñecer as nosas actividades, facer copartícipes as familias podería ser un bo camiño, pero sobre todo divulgar máis as tarefas realizadas, que trascendan o ámbito académico (publicar na páxina do instituto as actividades, elaborar as revistas do centro e colgalas na páxina do centro, etc.).

9. Como lle gustaría saber das actividades do EDLG?


106 respuestas



Un 67 % dos pais afirman que lles gustaría coñecer as actividades do Equipo de Dinamización Lingüística por correo electrónico, un 23,6 % solicitan esta información a través da ANPA... Pensamos que se podería informar a través da plataforma abalar cun correo ás familias de tal xeito que puidesen ter esa información e mesmo poderían ser parte activa no seu desenvolvemento (por exemplo, na recollida de lendas que estamos facendo, na recollida de topónimos do noso proxecto escolar, na catalogación de léxico autóctono...Resultaría unha maneira interesante de facer copartícipe á familia).

10. Desexaría recibir algunha actividade de formación en relación co galego?

106 respuestas



Un 34,9 % das familias desexarían un curso de lingua galega (gramática, léxico...), un 29,2 % participarían nun obradoiro de sociolingüística, un 7,5 % un curso de literatura galega... Confírmase nesta enquisa que as familias teñen unha actitude receptiva cara ao galego que debemos aproveitar e canalizar para que redunde nunha maior concienciación lingüística e un maior emprego da nosa lingua en todos os ámbitos, non só no académico.

A Xunta de Galicia ofrece a posibilidade de realizar o curso de Celga 1 a través de Internet se o instituto o solicita previamente.

Os datos globais amosan que estamos nunha sociedade bilingüe, xa que profesorado, alumnado e familias reflicten a súa capacidade para se expresar nas dúas linguas, pero na que o galego é unha lingua minorizada no seu emprego con respecto ao castelán. Nunha próxima enquisa, no vindeiro curso, a partir destes datos, poderase afondar nas causas sociolingüísticas desta minorización no emprego do galego con respecto ao castelán.

OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

Os obxectivos que pretendemos acadar implican a todos os sectores relacionados coa comunidade escolar: alumnado, familias, profesorado, persoal non docente e cidadáns en xeral.

- Lograr a plena normalización do idioma na vida cotiá do centro, conseguindo que esta sexa a lingua vehicular de todo o colectivo que forma parte do mesmo (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente), tanto dentro como fóra do noso recinto escolar. Incluso aspiramos a que, coa realización dalgunha das actividades, ese uso do galego se transmita a outros ámbitos sociais do concello.
- Potenciar a valoración positiva do galego como lingua válida para ser usada en calquera ámbito, proxectando unha imaxe da nosa lingua asociada á modernidade, á cultura, á tecnoloxía e, en definitiva, ao futuro.

Conscientes de que estes son obxectivos que precisan dun traballo a medio e longo prazo, propoñemos outros máis inmediatos como:

- Para o contorno: profesorado, alumnado e centro, en xeral e segundo se establece na orde á que dá cumprimento este proxecto:
 - a. Lograr unha actitude positiva perante da necesidade da normalización do noso idioma.
 - b. Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis ámbitos de uso (non só os simplemente académicos).
 - c. Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega, botando abaixo certos prexuízos e reforzando a súa estima.
 - d. Conseguir implicar no labor normalizador á meirande cantidade posible de membros da comunidade educativa.
 - e. Conseguir unha concienciación que permita cambiar a actitude lingüística modificando, polo tanto, os comportamentos lingüísticos.
 - f. Utilizar o noso idioma para toda a comunicación exterior e interior do IES.
 - g. Incidir na oralidade como paso inevitable para a plena normalización lingüística, ampliar polo tanto os usos lingüísticos orais.
- Para o centro en particular:
 - a. Manter en galego toda a xestión e documentación administrativa do centro, incidindo especialmente no seu uso nas novas tecnoloxías.

- Para o profesorado en particular:
 - Dispoñer e poder proporcionar material curricular en galego para as diferentes áreas.
 - Potenciar a investigación, difusión e coñecemento dos valores históricos, culturais, etc., de Galicia e ver neles a aportación desta comunidade ó ben cultural universal.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Unidos os obxectivos xerais expostos no punto anterior, o artigo 14 do Decreto que regula a redacción e posta en práctica dos proxectos lingüísticos nos centros educativos de Galicia indica que este documento reflectirá “as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega”. Deste xeito, destacamos as seguintes:

- Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua galega como ferramenta necesaria de comunicación.
- Ofrecer a colaboración dos seus compoñentes aos diferentes departamentos.
- Intentar que o equipo de dinamización funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega.
- Traballar en prol da eliminación dos prexuízos sobre a lingua e cultura galegas.
- Facerse eco e participar activamente nas actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- Organizar actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua galega, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.
- Organizar exposicións relacionadas coa cultura galega.
- Realizar traballos de recollida de datos: poemas, refráns, contos, toponimia, alcumes, etc.
- Colaborar coa biblioteca e o club de lectura do centro, para promover a lectura e a participación en actividades e representacións de obras en galego.
- Promover actividades que se ofrezan desde o contorno, desde a Administración, sempre que favorezan o proceso normalizador.
- Potenciar a radio escolar do IES Mendiño, RQR, como ferramenta para fomentar a creatividade do alumnado e desenvolver e normalizar o galego, desde o punto de vista escrito, mais fundamentalmente desde o ámbito oral.
- Difundir os xogos populares e tradicionais galegos mostra de respecto e valoración dos nosos maiores, como facemos no magosto ou samaín, etc.

Outras liñas de actuación

O Proxecto lector

O dominio da lingua e o desenvolvemento das competencias que se relacionan con ela conta coa lectura como ferramenta que axuda non só á aprendizaxe do código na súa modalidade oral senón tamén na escrita, á ampliación do vocabulario, ao desenvolvemento da imaxinación e á capacidade de comprensión, é por esa razón que os obxectivos do Proxecto Lector están intimamente relacionados con aqueles que configuran o núcleo central das linguas.

Tal e como se recollen, gran parte dos obxectivos do Proxecto Lector son perfectamente asumibles cos presentados polos departamentos de lingua: desenvolver e consolidar o hábito lector no alumnado, fomentar o interese pola lectura como alternativa de lecer, desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, isto é, mellorar a súa capacidade de comprensión e expresión, oral e escrita, fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna ou favorecer a normalización e integración dos alumnos con capacidades diversas, propiciando a participación igualitaria nas actividades de fomento da lectura...

Co obxectivo de contribuír ao Proxecto lector de centro (determinado no Anexo V do Decreto 133/2007 de 5 de xullo), o departamento de Dinamización Lingüística establece os seguintes obxectivos:

- Contribuír a consolidar hábitos de lectura nos estudantes.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Promover no alumnado a capacidade de expresarse sobre diferentes temas con claridade e coherencia.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como unha forma de disfrute persoal.
- Promover entre os alumnos o uso cotiá da biblioteca.
- Fomentar o desenvolvemento de actividades que favorezan unha maior competencia lectora e literaria e un mellor desenvolvemento do hábito lector.

Contribución ao Plan TIC

O noso é un centro Edixgal. Contamos con aulas Edixgal en todos os cursos da ESO. Ademais todo o alumnado da ESO conta cun computador coa maqueta Abalar.

O uso da aula virtual, con ferramentas Moodle está estendida en todos os niveis e materias de ESO e de Bacharelato. Todo o noso profesorado adquiriu o compromiso de se formar no uso das novas tecnoloxías. Neste sentido, nos últimos dous anos unha das liñas do PFPP do centro xirou arredor da educación dixital e máis en concreto na creación e xestión de aulas virtuais.

Todo isto fai que o noso alumnado estea continuamente consultando e compartindo información en redes que teñen maior alcance que nun aula, e por iso é imprescindible o uso e coñecemento minucioso da lingua. Dende o centro sinalamos unha serie de prioridades no ámbito das TICs con relación ás linguas:

- Transmitir ao alumnado a idea de que a lingua e a cultura galegas teñen acceso a soportes tecnolóxicos vixentes no mundo actual de xeito que vexa na nosa lingua un instrumento válido de comunicación á altura dos tempos.
- Converter os diferentes medios tecnolóxicos nun instrumento de difusión da lingua e da cultura galegas.
- Facer das ferramentas tecnolóxicas e informáticas instrumentos de referencia coas finalidades de impartir coñecementos e asignar á lingua galega prestixio valorativo.

- Potenciar o traballo en equipo, favorecendo as relacións interpersonais e as actitudes de cooperación entre o alumnado.
- Uso de Internet como fonte de información en relación cos diferentes temas do departamento.
- Uso de ferramentas informáticas para elaborar actividades de xeito que contribúan á difusión da lingua e cultura galegas.

Documentación administrativa, rotulación e cartelaría.

Todas as comunicacións que se emiten desde o centro para informar a toda a comunidade escolar están en galego. Os informes e modelos elaborados polo equipo directivo para a comunicación coas persoas responsables de alumnado e o propio alumnado así como o seguimento das titorías por parte do profesorado están en galego. Así mesmo, procúrase que a comunicación do equipo directivo co profesorado, ben a través dos taboleiros das salas de profesorado, ben a través dos medios electrónicos, se estableza en galego.

Todos os documentos oficiais do centro que, en xeral, se poden consultar na web, están en galego.

A cartelaría, que se está a renovar nos últimos anos, encóntrase tamén en galego.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Recursos humanos

Para o desenvolvemento e posta en práctica deste Proxecto Lingüístico de centro contamos cos seguintes recursos humanos:

1. Todo o profesorado do centro.
2. O persoal de administración e servizos.
3. As nais, pais e representantes das familias do noso alumnado, en especial a ANPA.
4. O Concello de Redondela, en especial a través das Concellarías de Educación e Cultura, así como do Servizo de Normalización Lingüística.
5. A Dirección Xeral de Política Lingüística.
6. Outros centros educativos da zona, en especial aqueles centros de EP adscritos ao noso.
7. As Bibliotecas PLAMBE e os Equipos de Dinamización da Lingua Galega destes centros, en especial os IES do noso Concello.
8. As asociacións culturais do noso Concello e da contorna.

Recursos materiais

O centro cos seguintes recursos materiais:

1. Biblioteca escolar, dentro do PLAMBE, que conta cunha dotación importante de libros e materiais de consulta.
2. Aulas de informática do centro.
3. Instalacións da radio escolar do centro.
4. Equipamento informático Edixgal. Todas as aulas da ESO contan con equipamento Edixgal. O alumnado da ESO conta cun computador individual.
5. Aula virtual do centro.
6. Equipamento de papelería do IES: Fotocopiadora e plastificadora.
7. Taboleiro de anuncios.
8. Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

Medidas aportadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan

Os obxectivos que procuramos con estas medidas son os seguintes:

- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o periodo de escolarización.
- Facilitar a integración lingüística do alumnado procedente doutras comunidades ou doutros países estranxeiros, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega. - Fomentar a integración socio-lingüística do alumnado con nulo ou insuficiente dominio das linguas oficiais.
- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas estranxeiras que se imparten no centro (inglés e francés).
- Contribuír dende o estudo das linguas clásicas, á adquisición da competencia lingüística en galego e castelán, como base do desenvolvemento persoal do alumnado. - Mellorar a competencia lingüística de cara a mellorar a aprendizaxe das diferentes materias educativas.

Cómpre dicir que as actuacións a desenvolver neste apartado van ir encamiñadas fundamentalmente a aquelas alumnas/os procedentes doutras comunidades do Estado español ou mesmo de fóra do Estado. Con todo, tamén teremos en conta a outro tipo de alumnado que presenta problemas neste eido por outras cuestións (relacionadas con medidas de atención á diversidade).

En principio, dentro do grupo de alumnado con problemas no eido lingüístico, no noso centro temos, maioritariamente, rapazas e rapaces magrebís e sudamericanos, como xa se apuntou anteriormente, alén dun pequeniño grupo de rapaces procedentes doutras comunidades autónomas. Daquela, é un alumnado ao que se lle supón un descoñecemento da/s lingua/s de acollida, que debe ser atendido a través de medidas de intensificación lingüística para posteriormente irse incorporando paulatinamente ás linguas vehiculares do currículo (castelán e galego, no noso caso). Xustamente é na ESO onde estas dificultades adquiren unha dimensión maior, pois ao descoñecemento

lingüístico van unidos os desfases curriculares e as dificultades de integración educativa e social.

Coidamos que a aprendizaxe das dúas linguas oficiais na nosa comunidade (con especial atención ao galego, pois resulta estar en situación claramente minoritaria e minorizada neste sector de idade) é, ademais dun dereito, un deber, xa que lles vai permitir sentirse membros desa sociedade da que forman parte e, xa que logo, ampliar as súas opcións de integración, tanto social como laboral.

Procedencia do alumnado

A diversidade cultural e académica que podemos ter no noso centro obríganos a organizar metodoloxicamente o tratamento lingüístico segundo a procedencia do alumnado e o seu nivel de coñecemento lingüístico, pois podemos atopar alumnos/as que descoñecesen tanto o galego como o castelán –como é o caso dos rapaces e rapazas magrebís matriculados no noso instituto-, e alumnos/as que coñecen o castelán mais non o galego –como pode ser o alumnado procedente de países sudamericanos, que tamén temos matriculados no centro.

Xa que logo, cómpre realizar unha avaliación inicial do alumnado para estudarmos as estratexias máis axeitadas de cara á súa mellora lingüística e realizarmos alomenos unha xuntanza trimestral para valorarmos os resultados acadados e, se for preciso, modificar as estratexias.

Medidas a adoptar

Ademais das medidas establecidas pola lexislación, contamos tamén coas medidas deseñadas e adoptadas polos diferentes departamentos didácticos en función das necesidades detectadas.

1. Exencións.

Este alumnado gozará das medidas propostas conforme a ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

2. Medidas ordinarias

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos...) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
2. Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
5. Desdobramentos de grupos.
6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
7. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
8. Programas de recuperación.
9. Programas específicos personalizados.
10. Programas de habilidades sociais.

3. Medidas extraordinarias:

1. Adaptacións curriculares.
2. Agrupamentos flexibles.
3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
4. Flexibilización da duración do período de escolarización.
5. Programas de mellora, aprendizaxe e reforzo.
6. Atención educativa a través da aula virtual ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Aportacións concretas dos Departamentos

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

A lingua utilizada polo noso departamento é a lingua inglesa, tanto a nivel oral como escrito, procurando acadar unha competencia axeitada ao nivel. As explicacións, indicacións, etc. por parte do profesorado tentarase que sexan sempre en inglés e o alumnado interactuará co profesor ou profesora e co resto da clase, a nivel individual, en parellas (diálogos) ou en grupos (presentación, traballos, etc.) tamén en inglés.

Trabállanse todas as destrezas que poidan levar á competencia lingüística do alumnado : comprensión oral e escrita, e expresión oral e escrita.

Ás veces, na aula, é preciso facer uso do galego ou do castelán para explicar algúns conceptos ou puntos difíciles de entender na lingua inglesa.

Insístese tamén na presentación adecuada dos distintos traballos, sexan orais ou escritos. A parte oral mediante gravación de vídeo na aula virtual, co que tamén traballamos a parte correspondente á competencia dixital. Na parte escrita vemos diferentes contextos de comunicación no que deben usar vocabulario e formato adecuado.

O alumnado tamén deberá facer unha lectura en inglés adaptada ao seu nivel.

Na programación didáctica e en toda a documentación do departamento (actas, correos, notificacións, novas, etc.) emprégase sempre a lingua galega.

O noso departamento tamén asume horas de atención de alumnado con exención de francés co que realizamos reforzos combinando actividades e exercicios en galego e castelán.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Tentamos que a lingua vehicular nesta materia sexa o francés tanto a do profesor co alumnado como nas interaccións do alumnado entre eles, dende primeiro da ESO pero sobre todo en Bacharelato.

A comunicación debe ser entendida coma un proceso, que se leva a cabo cun propósito concreto, entre uns interlocutores concretos, nuna situación concreta. Por conseguinte, non basta con que os aprendentes asimilen un cúmulo de datos: vocabulario, gramática, etc. É imprescindible, ademáis, que aprendan a utilizar eses coñecementos para negociar o significado. Para iso, deben participan en tarefas reais, nas que a lingua sexa un medio para alcanzar un fin, non un fin en si mesmo. A interacción oral entre o alumnado é fundamental: en parellas, en tríos, en grupos maiores ou entre toda a clase. Adaptar esta metodoloxía aos protocolos pola Covid-19 é o gran reto ao que nos enfrontamos estos anos os profesores de linguas estranxeiras.

En 1º de Bacharelato o alumnado deberá ler un libro adaptado e en 2º de Bacharelato unha novela orixinal en francés.

O libro de actas e a programación didáctica así como a memoria final de departamento están redactadas en galego.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A lingua utilizada polo noso departamento é a lingua castelá, tanto a nivel oral coma escrito. Os libros de lectura obrigatoria (un por avaliación en cada un dos niveis) están en castelán e do mesmo xeito as lecturas que traballamos na materia de Literatura Universal.

Unicamente a optativa de Oratoria é impartida en lingua galega pois nela traballamos os distintos tipos de textos: *expositivo* (elección dunha muller do ámbito da cultura galega que destaca pola súa contribución á sociedade), *narrativo* (no proxecto de recolleita das lendas locais “Unha Redondela de lenda”), *instructivo* (recolleita de receitas tradicionais) e *argumentativo* (defensa dunha intervención por parte do concello nun espazo da súa contorna -creación dun punto limpo, unhas pistas de atletismo, un parque...). Pensamos que o galego pode ser mellor lingua vehicular para recoller información dos seus avós, veciños de mais idade, etc. que lles poidan achegar esa información. Deste xeito contemplamos o obxectivo de implicar ás familias no proceso de aprendizaxe e potenciamos a comunicación interxeracional na lingua vernácula. Esta materia impartímola en 1º e 2º da ESO e lamentablemente só lle corresponde unha hora lectiva semanal.

Empregamos indistintamente o galego ou o castelán na atención persoal e individualizada fóra da aula.

En toda a comunicación formal escrita cos pais e nais dos alumnos utilizamos exclusivamente a lingua galega.

Asimesmo o galego é a lingua empregada en toda a documentación administrativa do noso departamento (a programación didáctica, actas, comunicados ás familias, permisos para actividades extraescolares, correos electrónicos, notificacións ao alumnado, comunicación de novas...

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Obviamente, nesta materia, o galego é a lingua empregada, tanto nas relacións co alumnado como coas familias, co resto do profesorado e persoal non docente, e tamén con calquera asociación ou entidade coa que teñamos algún tipo de contacto.

Pero desde hai xa uns anos –tal e como se pode comprobar nos datos que se presentan neste Plan Lingüístico- a utilización da lingua galega por parte do alumnado é moi escasa, sobre todo a nivel oral, e mesmo tamén na escrita, porque os castelanismos están moi presentes neste ámbito.

Daquela, no noso Departamento, estamos de acordo en que cómpre, en certo modo, cambiar a estratexia de aprendizaxe e uso real do idioma de noso. E, para iso, coidamos que hai que incidir na oralidade, pois é o chanzo preciso e previo para a normalización do idioma en calquera contexto, sexa académico, social, cultural, etc. Xa que logo, desde hai un par de cursos, vimos ofrecéndolles aos alumnos e alumnas a posibilidade de realizaren actividades nas que a lingua estea presente dentro e fóra tamén da propia aula; actividades de oralidade ás que se lles concede un peso importante na cualificación da materia.

Pensamos que o mundo audiovisual é un mundo atractivo para a rapazada, de xeito que unha das actividades propostas para mellorar a oralidade é a realización de video-poemas a partir de textos literarios de autores ou autoras que estudan ao longo do curso ou mesmo a partir das súas propias composicións literarias. Estes video-poemas poden realizarse de xeito individual ou en grupo e supón que teñen que pensar, sentir, falar e compartir en galego. Adoita resultarlles unha actividade atractiva porque a lingua e a literatura se combinan con outras artes, como a música ou a imaxe. Asemade, e nun intento de entender a realidade da que forman parte: o sitio no que viven, propónselles outra actividade na que se lles pide que vexan ao seu redor e reparen no significado do lugar no que viven, das festas que gozan, da arquitectura popular (canastros, fontes, petos de ánimas...)... e todo isto deben presentalo e contalo ao resto dos seus compañeiros en formato video.

Alén disto, en cada trimestre, o alumnado debe ler unha obra literaria e, a partir da súa lectura, realizar un traballo creativo. Dentro das diferentes actividades suxeridas figura, amais de banda deseñada, continuación da historia, etc., a posibilidade de realizar unha video-reseña sobre o libro lido ou unha pequena curtametraxe a respecto da obra ou dunha parte dela na que sexa o mesmo alumnado quen fale.

Sabemos que é difícil, pero cremos que sería moi positivo traer ao centro persoeiros destacados en diferentes ámbitos, como o deportivo, o musical, o cinematográfico, o literario... e que o alumnado puidese ver como os seus “ídolos” se expresan en lingua galega e que puidesen compartir conversas con eles en galego.

Ademais, desde a nosa materia, pensamos contribuír ao tan necesario proceso de Normalización Lingüística co visionamento de filmes no noso idioma. E non queremos

esquecernos da magnífica aportación que nos ofrece o centro para, a través da súa radio, ler e falar no idioma de noso.

Finalmente, queremos dicir que, desde o Departamento, nos ofrecemos a colaborar con calquera persoa (sexa alumnado, familia, profesorado, etc.) que preciso apoio lingüístico.

Criterios para o seguimento e avaliación do proxecto

Ao remate de cada curso farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) para comprobarmos os logros e as eivas detectadas e proceder a efectuar as melloras ou cambios pertinentes. Así, segundo establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico de Centro debe ser levada a cabo polo Consello Escolar (art. 14º), que é tamén quen o aproba. Previamente levarase a cabo unha valoración dos resultados obtidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse ao claustro de profesores para o seu debate.

Nesta avaliación teremos en conta os seguintes aspectos:

- Consecución dos obxectivos propostos no presente PLC.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da nosa comunidade educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na comunidade educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución dos obxectivos propostos para as mesmas, participación, interese, etc.
- Este proxecto remitirase cada catro cursos escolares a Inspección Educativa, e anualmente elaborárase unha addenda do PLC na que conste:
 - Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior.
 - Información sobre do que se vai desenvolver no curso seguinte a este respecto.

REPARTO DE LINGUAS POR MATERIAS

1º ESO

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Bioloxía e Xeoloxía	4*			
	Xeografía e Historia	3*			
	Lingua Castelá e Literatura		4*		
	Matemáticas		5*		
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)			3*	
Específicas	Educación Física		2		
	Relixión/Valores Éticos	1			
	Educación Plástica e Visual		2		
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)				2*
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura	4*			
Libre Configuración do centro	Oratoria	1			
	Paisaxe e sustentabilidade	1			

	Programación		1		
	Promoción de estilos de vida saludable	1			
Titoría	Titoría	1			
TOTAL	36	16	14	3	2

2º ESO

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Física e Química*		3*		
	Xeografía e Historia*	3*			
	Lingua Castelá e Literatura*		3*		
	Matemáticas*		5*		
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)*			3*	
Específicas	Educación Física		2		
	Relixión/Valores Éticos	1			
	Música	2			
	Tecnoloxía*		3		
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)*				2*
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura*	4*			
Libre Configuración do centro	Oratoria	1			
	Promoción de estilos de vida saudable	1			
Titoría	Titoría	1			
TOTAL	34	13	16	3	2

3º ESO

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Bioloxía e Xeoloxía*	2*			
	Física e Química*		2*		
	Xeografía e Historia*	3*			
	Lingua Castelá e Literatura*		3*		
	Matemáticas Académicas*		4*		
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)*			3*	
Específicas	Educación Física		2		
	Relixión/Valores Éticos	1			
	Música	2			
	Tecnoloxía*		2		
	Educación Plástica Visual e Audiovisual		2		
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)* / Cultura Clásica	2			2*
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura*	4*			
Titoría	Titoría				
TOTAL	36	14	15	3	2

4º ESO (Ensinanzas Académicas)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Xeografía e Historia*	3*			
	Lingua Castelá e Literatura*		3*		
	Matemáticas Académicas*		4*		
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)*			3*	
Troncais de opción (elixir 2)	Bioloxía e Xeoloxía*	3			
	Física e Química*		3*		
	Latín		3		
	Economía		3		
Específicas	Educación Física		2		
	Relixión/Valores Éticos	1			
	Música	3			
	Tecnoloxía*				
	Educación Plástica Visual e Audiovisual		3		
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)*				3*
	Tecnoloxías da Información e a		3		

	Comunicación				
	Cultura científica	3			
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura*	3*			
Titoría	Titoría	1			
TOTAL	32	17	24	3	2

4º ESO (Ensinanzas Aplicadas)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Xeografía e Historia*	3*			
	Lingua Castelá e Literatura*		3*		
	Matemáticas Aplicadas*		4*		
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)*			3*	
Troncais de opción (elixir 2)	Tecnoloxía*		3*		
	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional				
	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial		3		
Específicas	Educación Física		2		
	Relixión/Valores Éticos	1			
Específicas de opción (elixir 2)	Música	3			
	Educación Plástica Visual e Audiovisual		2		
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)*				3*
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación		3		

	Unha materia das troncais de opción non elixida (3 h)				
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura*	3*			
Titoría	Titoría	1			
TOTAL	36	11	20	3	2

1º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAS. Itinerario Humanidades)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura I		3		
	Filosofía		3		
	Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés)*			3	
	Latín I		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Economía		4		
	Grego I		4		
	Historia do Mundo Contemporáneo	4			
	Literatura Universal		4		
Específicas obrigatorias	Educación Física		2		
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Linguaxe e Práctica Musical	3			
	Segunda Lingua Estranxeira I (Francés)				2
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación I		2		
	Relixión	1			
	Reforzo de Inglés			1	

Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura	3*			
TOTAL	32+12 (optatividade)	11	26	4	2

1º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAS. Itinerario Ciencias Sociais)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura I		3		
	Filosofía		3		
	Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés)			3	
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Economía	4			
	Historia do Mundo Contemporáneo	4			
	Literatura Universal		4		
Específicas obrigatorias	Educación Física		2		
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Linguaxe e Práctica Musical	3			
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)				2
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación I		2		
	Relixión	1			
	Reforzo de Inglés			1	
Libre	Lingua Galega e Literatura I	3			

configuración autonómica					
TOTAL	32+12 (optatividade)	15	18	4	2

1º BACHARELATO (CIENCIAS)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura I		3		
	Filosofía		3		
	Primeira Lingua Estranxeira I (Inglés)			3	
	Matemáticas I		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Bioloxía e Xeoloxía		4		
	Debuxo Técnico I	4			
	Física e Química		4		
Específicas obrigatorias	Educación Física		2		
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Anatomía Aplicada	3			
	Linguaxe e Práctica Musical	3			
	Cultura Científica				
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)				
	Tecnoloxía Industrial I		3		
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación I		2		
	Relixión	1			
Reforzo de Inglés			1		

Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura I	3			
TOTAL		14	25	4	

2º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAS. Itinerario Humanidades)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura II		3		
	Historia de España	3			
	Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)*			3*	
	Latín II		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Economía e Empresa		4		
	Grego II		4		
	Historia da Filosofía		4		
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Historia da Música e da Danza	3			
	Fundamentos de administración e xestión		3		
	Segunda Lingua Estranxeira II (Francés)*				3
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II		3		
	Relixión	1			
	Reforzo de Inglés			1	
Libre	Lingua Galega e Literatura*	3*			

configuración autonómica					
TOTAL		10	25	4	3

2º BACHARELATO (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAS. Itinerario Ciencias Sociais)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura II		3		
	Historia de España	3			
	Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)			3	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Economía e Empresa		4		
	Grego II		4		
	Historia da Filosofía		4		
	Xeografía	4			
	Historia da Arte	4			
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Historia da Música e da Danza	3			
	Fundamentos de administración e xestión		3		
	Segunda Lingua Estranxeira II (Francés)*				3*
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II		3		

	Relixión	1			
	Reforzo de Inglés			1	
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura	3*			
	Métodos Estatísticos e Números		2		
	Literatura Galega do s. XX e da actualidade	2			
TOTAL		20	27	4	3

2º BACHARELATO (CIENCIAS)

	Materia	Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
		Galego	Castelán	Inglés	Francés
Troncais	Lingua Castelá e Literatura II		3		
	Historia de España	3			
	Primeira Lingua Estranxeira II (Inglés)			3	
	Matemáticas II		4		
Troncais de opción (elixir 2)	Bioloxía	4			
	Debuxo Técnico II		4		
	Física	4			
	Química	4			
	Xeoloxía	4			
Específicas de opción (elixir 2 ou 3)	Historia da Música e da Danza	3			
	Fundamentos de administración e xestión		3		
	Segunda Lingua Estranxeira II (Francés)*				
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II		3		

		Número de horas segundo o idioma (*fixado por lei)			
Libre configuración autonómica	Lingua Galega e Literatura	3			
	Literatura Galega do s. XX	2			
	Métodos Estatísticos e Numéricos		2		
TOTAL		27	19	3	

Táboa resumo do horario lectivo por linguas

	Galego	Castelán	Inglés	Francés
1º ESO	16	14	3	2
2º ESO	13	16	3	2
3º ESO	14	15	3	2
4º ESO (académicas)	17	24	3	3
4º ESO (aplicadas)	11	20	3	3
Total horas ofertadas	80	89	15	12
% horario	38%	48%	8%	6%
%horario (excluíndo linguas estranxeiras)	44,4%	55,6%		

	Galego	Castelán	Inglés	Francés
1º BAC HUMANIDADES	11	27	4	2
1º BAC CIENCIAS SOCIAIS	15	18	4	2
1º BAC CIENCIAS	14	25	4	
2º BAC HUMANIDADES	10	25	4	3
2º BAC CIENCIAS SOCIAIS	20	27	4	3
2º BAC CIENCIAS	27	19	3	
Total horas ofertadas	93	145	23	10
% horario	34%	54%	8%	4%
%horario (excluíndo linguas estranxeiras)	40,8%	59,2%		